



DATOS IDENTIFICATIVOS

Creatividade publicitaria audiovisual

Materia	Creatividade publicitaria audiovisual			
Código	P04G071V01307			
Titulación	Grao en Comunicación Audiovisual			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	#EnglishFriendly Castelán Galego			
Departamento	Comunicación audiovisual e publicidade			
Coordinador/a	Torres Romay, Emma			
Profesorado	Torres Romay, Emma			
Correo-e	emmatr@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia ten como obxectivo achegar ao estudante aos métodos creativos, con especial referencia á comunicación publicitaria en formatos audiovisuais. Deste xeito, traballarase nos procesos que permiten o desenvolvemento da creatividade, nas habilidades precisas no perfil profesional para poder aplicalo e, finalmente, en poder desenvolver os produtos creativos deseñados.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B1	Coñecer as características esenciais da comunicación, os seus elementos e os seus resultados.
B5	Coñecer os valores constitucionais, principios éticos e normas deontolóxicas aplicables á comunicación audiovisual, en especial as relativas á igualdade de homes e mulleres, á non discriminación de persoas con discapacidade e ao uso non sexista da imaxe feminina nos medios de comunicación de masas.
B6	Traballar en equipo e comunicar as propias ideas mediante a creación dun ambiente propicio.
B7	Asumir riscos expresivos e temáticos, aplicar solucións e puntos de vista persoais no desenvolvemento dos proxectos
B8	Orde e método: habilidade para a organización e temporalización das tarefas, realizándoas de maneira ordenada adoptando con lóxica as decisións prioritarias nos diferentes procesos de produción audiovisual
C1	Coñecer o uso correcto oral e escrito das linguas oficiais como forma de expresión profesional na industria audiovisual.
C11	Definir proxectos persoais de creación innovadora que contribúan ao coñecemento ou desenvolvemento das linguaxes audiovisuais ou á súa interpretación
C14	Coñecer e aplicar os recursos, métodos e procedementos empregados na construción e análise dos relatos audiovisuais
C20	Escribir con fluidez guións para os diferentes formatos audiovisuais
C23	Analizar e implementar estratexias de márketing para o desenvolvemento, distribución e consumo de produtos audiovisuais e multimedia orientados ao mercado.
D1	Comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os estudos de creatividade e as correntes de investigación.	A2	B1	C14	D1
		B7	C23	

Identificar xogos e fórmulas da creatividade para resolver problemas.	A2 A4	B1 B6 B7	C11 C14	D1
Coñecer e aplicar as técnicas creativas para a construción e formulación das ideas. Identificar as características das ideas creativas.	A2 A4	B1 B7 B8	C14 C20	
Describir e clasificar as tendencias e formatos creativos no ámbito audiovisual.	A2	B1 B8	C14 C20	
Análise de propostas para saber identificar produtos creativos e as súas características.	A2	B1 B7 B8	C11 C14	
Demostrar capacidade de expresarse de forma oral e escrita na presentación de ideas creativas.	A2 A4	B1 B7 B8	C11 C14 C20	D1
Demostrar capacidade de traballo en grupo e resolver problemas para a presentación dos resultados.	A2 A4	B1 B6 B7 B8	C1 C11 C14 C20 C23	D1
Capacidade de creación de ideas e propostas creativas axustadas ás necesidades das marcas.	A2 A4	B5 B6 B7	C1 C14 C20 C23	D1

Contidos

Tema	
TEMA 1. A CREATIVIDADE: ORIXE E PROCESOS	1.1. A orixe da creatividade como capacidade humana e como disciplina. 1.2. Autores e autoras de referencia. 1.3. Principais liñas e métodos creativos. 1.4. Habilidades creativas.
TEMA 2. PROCESOS DE INVESTIGACIÓN CREATIVA	2.1. O proceso de marketing: do briefing á estratexia creativa. 2.2. A xeración de ideas para o audiovisual: o guiión audiovisual. 2.3. O proceso de conceptualización das ideas: storyboards, maquetas, etc.
TEMA 3. FORMATOS E TENDENCIAS CREATIVAS	3.1. Novos modos de desenvolvemento e consumo de medios audiovisuais. 3.2. Dos formatos tradicionais aos novos formatos. 3.3. Hibridación de contidos.
TEMA 4. NARRATIVA AUDIOVISUAL PUBLICITARIA	4.1. Formulación narrativa: construción de personaxes, actores e estilo, elaboración de diálogos, arquitectura do tempo e espazo. 4.2. Recursos narrativos: imaxes auditivas e audiovisuais, identidade visual e sonora, a música, o uso creativo das expresións, sintaxis sonora e locución, etc. 4.3. Procesos de produción.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	10	30
Aprendizaxe-servizo	10	20	30
Design Thinking	2	0	2
Traballo tutelado	10	10	20
Estudo de casos	2	10	12
Proxecto	2	30	32
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Estudo de casos	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Explicación dos conceptos teóricos e prácticos recollidos no programa da materia.
Aprendizaxe-servizo	O alumnado desenvolverá un proxecto publicitario para a Asociación de Mulleres Creativas reivindicando o papel da muller no audiovisual en xeral e na publicidade en particular. (Pendente sinatura de convenio)
Design Thinking	Seminarios de desenvolvemento de ideas creativas.
Traballo tutelado	Realizaranse seminarios de seguemento dos proxectos que se elaborarán na materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatorresromay/titoria-presencial
Aprendizaxe-servizo	Seguimento directo dos proxectos na sesións prácticas da materia. Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatorresromay/titoria-presencial
Traballo tutelado	Seguimento directo dos proxectos na sesións prácticas da materia. Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatorresromay/titoria-presencial
Probas	Descrición
Proxecto	Seguimento directo dos proxectos na sesións prácticas da materia. Atención personalizada a través das titorías. https://calendly.com/emmatorresromay/titoria-presencial

Avaliación							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Traballo tutelado	Asistencia e aproveitamento ás sesións prácticas de seguimento dos proxectos da materia. Requírese un mínimo de asistencia para obter un aprobado neste apartado (ver documento de avaliación da materia)	20	A2 A4	B6 B8	C11	D1	
Proxecto	Creación de pezas publicitarias audiovisuais segundo as indicacións e as sesións de formación desenvoltas na aula.	40	A2 A4	B1 B5 B6 B7 B8	C1 C11 C14 C20 C23	D1	
Exame de preguntas obxectivas	Exame tipo test sobre os contidos teóricos da materia.	10		B1	C23		
Estudo de casos	Cuestionarios sobre os casos de estudio que se realizarán nas sesións de clases teóricas.	30	A2 A4	B1 B5 B6 B7 B8	C1 C11 C14 C20 C23	D1	

Outros comentarios sobre a Avaliación

NORMATIVA DE AVALIACIÓN DA MATERIA - CURSO 2023-2024

A presente normativa axústase ao establecido no Regulamento sobre a avaliación, a calificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantando (Aprobado no Claustro do 18 de abril de 2023. Máis info) ao que se refiren os artigos citados nesta normativa.

1. DA NATUREZA DA MATERIA

1.1. A materia Creatividade Publicitaria e Audiovisual está incluída no plan de estudos do Grao en Comunicación Audiovisual como unha materia de carácter **OPTATIVO** no itinerario □Publicidade Audiovisual□. (Ver Memoria do Grao)

1.2. Esta materia impártese en réxime **PRESENCIAL** polo que é deber dos estudantes asistir ás sesións docentes prácticas e teóricas no horario establecido polo centro (Ver horarios) (Artigo 13).

1.3. A avaliación da materia realízase mediante o sistema de **AVALIACIÓN CONTINUA** (Artigo 20), sendo preciso realizar unha renuncia expresa por parte do estudante para realizar unha avaliación global (Ver regulamento do centro).

2. DOS BAREMOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA

2.1. AVALIACIÓN CONTINUA.

2.1.1. O sistema de **avaliación continua** da materia realízase atendendo a tres factores:

- a) Superar a **parte práctica**, coa realización das actividades programadas.
- b) Superar a **parte teórica**, mediante o sistema de avaliación continua.
- c) **Asistencia** e participación do alumnado nas clases teóricas e prácticas.

2.1.2. Para superar a **parte práctica** deberán realizarse as actividades programadas en tempo e forma e sempre a baixo á supervisión docente. Ditas actividades deberán realizarse en grupo e poranse en marcha nas sesións de talleres e seminarios. Estas actividades valoraranse sobre un máximo de 10 puntos e supoñen un 40% da avaliación da materia, subdividido en actividades diversas e tendo en conta as seguintes consideracións:

a) Cada unha das actividades da parte práctica será valorada cunha puntuación máxima e terá asignada unha carga de horas prácticas que lle serán comunicadas ao alumnado antes de realizar a mesma. Do mesmo xeito indicárase un prazo de entrega que non poderá ser modificado baixo ningunha circunstancia.

b) As actividades prácticas serán realizadas preferentemente en equipo, sen prexuízo de que poidan realizarse actividades individuais de xeito puntual. Todos os membros do grupo de prácticas recibirán a mesma cualificación, excepto naqueles casos nos que un membro do equipo se ausente dalgunha sesión práctica sen causa xustificada, o que suporía a minorización da cualificación de formar equivalente.

c) Tódalas actividades prácticas realizaranse nas sesións prácticas que están programadas nos horarios de docencia da materia. Isto non evitará que, nalgúns casos, os alumnos e alumnas teñan que cumprimentar os seus traballos fora da aula. En calquera caso, será labor do docente tentar que os alumnos e alumnas saquen o máximo rendemento desas sesións. Pola súa natureza, as actividades prácticas grupais non poderán ser repetidas nin cando a ausencia sexa por causa xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo). Sendo valoradas neses casos cun aprobado (5 puntos) para os estudantes que se atopan nesa circunstancia.

2.1.3. Para superar a **parte teórica** os alumnos e alumnas deberán superar as actividades individuais e grupais de avaliación continua que se desenvolverán na aula ou fóra da aula segundo as indicacións do docente. Ademais, deberán realizar un exame teórico escrito individual sobre os contidos teóricos que se impartan a aula e que están recollidos no programa. A parte teórica da materia valorárase sobre un máximo de 10 puntos e suporá un 40% da avaliación da materia, tendo en conta as seguintes consideracións:

a) As clases desenvolveranse mediante sesións maxistras participativas que se combinarán coa realización de actividades individuais de reforzo dos contidos e avaliación do progreso dos estudantes. O docente facilitará ao inicio de curso unha axenda das actividades previstas.

b) As actividades de avaliación continua da parte teórica realizaranse prioritariamente na aula, podendo alongarse o período de entrega das mesmas fóra da aula en casos puntuais (polo volume da actividade ou por necesidades de organización). Só poderá realizarse a actividade fóra da data marcada ou fóra da aula cando se produza unha ausencia xustificada (artigo 15 da normativa da Universidade de Vigo) e sempre nun período non superior a dúas semanas dende a celebración da actividade. No caso de actividades grupais aplicarase o mesmo criterio que no relativo á parte práctica da materia (Ver apartado 2.1.2.c).

2.1.4. A **asistencia a clase** ten carácter obrigatorio. Para obter a máxima cualificación neste apartado é preciso asistir ao 100% das clases. A cualificación reducirase en función das faltas de asistencia de forma exponencial aplicando o seguinte baremo:

Táboa 1. Baremo de cualificación por asistencia. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Sesións*	Porcentaxe de asistencia	Cualificación
Menos de 16 sesións	Menos do 50%	0 puntos
16-25 sesións	51-75%	7 puntos
25-30 sesións	76-90%	9 puntos

30-33 sesións	91-100%	10 puntos
---------------	---------	-----------

* Para o curso 2023-2024 establécense un total de 11 sesións teóricas de 2 horas (total 22 horas) e 12 sesións prácticas de 2 horas (total 24 horas), restando 2 horas para a presentación de traballos e realización do exame final. Para o cómputo de avaliación teránse en conta 33 sesións.

2.1.5. A **avaliación final** da materia realizarase aplicando a seguinte distribución:

- a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 40%
- b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40%
- c) Asistencia. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das tres partes.

No caso de que un estudante non supere as actividades de avaliación continua (mínimo de 5 puntos sobre 10) aplicaranse os seguintes criterios:

Táboa 2. Criterios sistema de avaliación continua. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Elemento de avaliación	Situación	Corrección da cualificación
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua da aula.	O estudante deberá realizar o caso práctico na convocatoria de xuño.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos no exame final da materia	O estudante deberá repetir o exame teórico na convocatoria de xullo.
Teoría	O estudante obtivo menos de 5 puntos nas actividades de avaliación continua e no exame final da materia.	O estudante deberá repetir o exame teórico e realizar o caso práctico na convocatoria de xullo.
Práctica	O estudante obtivo menos de 5 puntos no proxecto final da materia.	O estudante deberá presentar un novo proxecto (individual) na convocatoria de xuño.
Asistencia	O estudante obtivo menos de 5 puntos por asistencia á materia.	O estudante deberá realizar o exame teórico da avaliación global da materia.

2.2. AVALIACIÓN GLOBAL.

2.2.1. O estudantado deberá informar ao docente da súa **renuncia expresa ao sistema de avaliación continua no prazo establecido** polo centro para tal fin, axuntando cuberto e asinado o documento habilitado para tal fin. Ningún outro sistema de comunicación é válido para facer constar esta renuncia e enténdese que, de non se tramitado de tal xeito, o alumno ou alumna seguirá acollido ao sistema de avaliación continua da materia.

2.2.2. O sistema de **avaliación global** da materia realízase atendendo a dous factores:

- a) Superar a parte práctica, coa realización das actividades que confirmen os resultados previstos.
- b) Superar a parte teórica, mediante a realización do correspondente exame final.

2.2.3. Para superar a **parte práctica**, o estudante que renuncia á avaliación continua deberá presentar un proxecto audiovisual individual e realizar unha análise de contido audiovisual (caso práctico) na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 30% na cualificación final da materia.

2.2.4. Para superar a **parte teórica**, o estudante que renuncia á avaliación continua, deberá realizar un exame teórico específico e presentar un traballo académico na data de celebración do exame oficial. Facilitaranse as instrucións e correspondente rúbrica nun prazo máximo de un mes dende o comezo das clases. Cada unha das actividades terá un peso dun 20% na cualificación final da materia.

2.2.5. A **avaliación final** no sistema de avaliación global realizarase aplicando a seguinte distribución:

a) Teoría. Puntuación. Máxima 10 puntos/ Porcentaxe da nota 60% / dúas actividades co 30%

b) Práctica. Puntuación Máxima 10 puntos / Porcentaxe da nota 40% / dúas actividades co 20%

É requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das actividades.

Como síntese, a avaliación global deberá atender aos seguintes elementos:

Táboa 3. Criterios sistema de avaliación global. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Bloque	Actividade	Descrición	Porcentaxe
Teoría	Exame teórico final de avaliación global.	Exame tipo test de 100 preguntas (1 hora)	20%
Teoría	Traballo académico	Traballo académico escrito sobre algún dos contidos teóricos da materia.	20%
Práctica	Proxecto audiovisual	Desenvolvemento de pezas audiovisuais conforme as instrucións e rúbricas específicas	30%
Práctica	Caso práctico final de avaliación global	Redacción dunha análise crítica sobre unha campaña publicitaria audiovisual (30 min)	30%

2.2.6. As probas de avaliación global realizaranse co seguinte **calendario de traballo**:

1. Exame teórico final. Na mesma data e horario que o exame da convocatoria ordinaria segundo o calendario oficial aprobado polo centro.
2. Traballo académico. Deberá presentarse a través da plataforma Moovi antes da data e hora de comezo do exame da convocatoria ordinaria.
3. Proxecto audiovisual. Deberá presentarse a través da plataforma Moovi antes da data e hora de comezo do exame da convocatoria ordinaria.
4. Caso práctico. Realizarase despois de rematar o exame teórico da materia.

3. DO CONTROL DE ASISTENCIA

3.1. En todas as sesións prácticas e de seminario tomarase nota dos membros asistentes. Nas clases teóricas estes controis poderán facerse de xeito aleatorio.

3.2. Só se poderán xustificar as faltas de asistencia que se axusten ao establecido no Artigo 15 do Regulamento sobre avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudantado (Aprobado no claustro do 18 de abril de 2023).

3.3. Os xustificantes de asistencia deberán ser presentados por escrito nun prazo máximo de 2 semanas dende que se produciu a ausencia para permitir unha correcta xestión da documentación da materia. Nese mesmo período deberá acordarse a posible recuperación de actividades non realizadas atendendo aos criterios descritos nesta normativa. Non poderán reprogramarse actividades máis aló dese prazo.

3.4. As faltas de asistencia reiteradas non supoñen, en ningún caso, o cambio da avaliación continua a avaliación global. Dito cambio só pode realizarse mediante renuncia expresa no prazo e proceso establecido polo centro.

4. DA CONVOCATORIA DE XULLO-2ª OPORTUNIDADE / EXTRAORDINARIA

4.1. O sistema de avaliación para a convocatoria de xullo-2ª Convocatoria e extraordinaria (inmediata á primeira convocatoria) é exactamente igual que o da convocatoria ordinaria (Artigo 23), é dicir, son aplicados os baremos recolleitos no apartado 2. Mantense a consideración de que é requisito indispensable obter un mínimo de 5 puntos en cada unha das partes. Non se aplicará unha media cunha puntuación inferior nalgunha das partes.

4.2. Obsérvanse as seguintes peculiaridades.

a) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación continua** as probas son as seguintes:

(1) Exame teórico. O mesmo exame que na convocatoria ordinaria.

(2) Actividades de aula. Resposta de cuestionarios de resume dos realizados na aula.

(3) Proxecto audiovisual. Deberá presentarse un proxecto audiovisual semellante ao da convocatoria ordinaria pero elaborado de xeito individual.

(4) Actividades prácticas. Redacción dun caso práctico de análise de contidos audiovisuais publicitarios.

b) Na convocatoria de **2ª oportunidade para avaliación global** as probas son as seguintes:

(1) Exame teórico. Exame específico da totalidade do contido da materia.

(2) Traballo académico. Traballo académico sobre contidos da materia.

(3) Proxecto audiovisual. Deberá presentarse un proxecto audiovisual semellante ao da convocatoria ordinaria pero elaborado de xeito individual.

(4) Actividades prácticas. Redacción dun caso práctico de análise de contidos audiovisuais publicitarios.

c) Segundo os **contidos superados na primeira convocatoria**, o alumno ou alumna deberá realizar os traballos e actividades que correspondan, segundo se resume na seguinte táboa (Ö=proba superada):

Táboa 4. Criterios de avaliación 2ª oportunidade. Creatividade Publicitaria Audiovisual. Curso 2023-2024.

Avaliación continua				
Exame teórico (1)	Actividades de aula (2)	Proxecto audiovisual (3)	Actividades prácticas (4)	2ª oportunidade
Ö				2, 3, 4
Ö	Ö			3, 4
Ö	Ö	Ö		4
	Ö	Ö	Ö	1
		Ö	Ö	1, 2
			Ö	1, 2, 3
				1, 2, 3, 4
Avaliación global				
Exame teórico (1)	Traballo académico (2)	Proxecto audiovisual (3)	Caso práctico (4)	2ª oportunidade
Ö				1, 2, 3, 4
Ö	Ö			1, 2, 3, 4
Ö	Ö	Ö		1, 2, 3, 4
	Ö	Ö	Ö	1, 2, 3, 4
		Ö	Ö	1, 2, 3, 4
			Ö	1, 2, 3, 4
				1, 2, 3, 4

4.3. As particularidades recollidas no apartado anterior non son modificables BAIXO NINGUNHA CIRCUNSTANCIA e baséanse nos seguintes criterios básicos:

a) As cualificacións da **avaliación continua** só teñen validez para as convocatorias do ano académico (ordinaria, 2ª convocatoria e extraordinaria inmediata). No curso posterior será preciso realizar a totalidade dos elementos de avaliación.

b) As cualificacións da **avaliación global**, pola súa propia natureza e atendendo ao Regulamento da Universidade de Vigo supoñen unha alternativa dentro da mesma oportunidade de avaliación, a disposición do estudiantado que renuncie á avaliación continúa (Artigo 19, apartado 3), só serán válidas para cada convocatoria, polo que será preciso superar a totalidade dos elementos de valoración en cada oportunidade.

c) En todos os casos queda garantido o dereito do estudiantado a optar á máxima cualificación (Artigo 19. Apartado 6).

5. DA COLABORACIÓN DOCENTES / ESTUDANTES

5.1. Existe un sistema de reserva de **titorías** a través do seguinte enlace:

<https://calendly.com/emmatordesromay/titoria-presencial>. Nas sesións de titorías (só de carácter presencial) resolveranse dúbidas sobre aspectos teóricos e prácticos da materia, pero non se poderán facilitar apuntamentos nin realizar clases teóricas completas (Artigo 16).

5.2. A información sobre as probas de avaliación, o seu formato, extensión, rúbrica de avaliación e canles de entrega serán detalladas a través da **plataforma Moovi**. É responsabilidade do alumno ou alumna estar atento á información subida e

recompilar o material específico e complementario que sexa preciso para a superación da materia, tendo en conta que non se facilitarán apuntamentos escritos senón materiais de apoio das sesións teóricas e prácticas, así como bibliografía específica e complementaria.

5.3. O docente **non remitirá materiais de traballo de xeito individual** nin remitirá correos electrónicos de aviso (atendendo ás limitación establecidas polas normativas de xestión de datos persoais) polo que é responsabilidade do estudante activar as correspondentes alertas para pode dispoñer dos avisos e notificacións que só se remitirán dende a plataforma Moovi.

A presente normativa é aplicable a todos os alumnos e alumnas matriculados nesta materia SEN EXCEPCIÓN

Emma Torres Romay, xullo de 2023

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Obradors Barba, Matilde, **Creatividad y generación de ideas. Estudio de la práctica creativa en cine y publicidad**, 978-84-490-2446-7, Universidad Autónoma de Barcelona, 2007

Carvajal Saénz, Alejandro, **La realización audiovisual publicitaria**, 978-84-16658-84-8, 2016, Punto Rojo Libros, 2016

Navarro Gutiérrez, Carlos, **Creatividad publicitaria eficaz**, 978-84-15986-56-0, ESIC Editorial, 2014

Muela Molina, Clara, **Manual de Estrategias creativas en publicidad**, 978-84-36839-75-3, 2018, Ediciones Pirámide, 2018

Bibliografía Complementaria

Albalad Aiguabella, José María; Bustos Salinas, Lorena; Muñiz Zúñiga, Viviana (Coords.), **Nuevos lenguajes de lo audiovisual**, 978-84-17341-99-2, Gedisa Editorial, 2019

Barahona Navarro, Nuria, **Creatividad publicitaria ¿cómo juzgarla?**, 978-84-91165-41-5, Editorial UOC, 2017

Medina, Agustín, **Introducción a la publicidad**, 978-84.36833-39-3, Ediciones Pirámide, 2019

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Estratexias publicitarias para produtos audiovisuais/P04G071V01304

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Guión audiovisual/P04G071V01209

Teoría e técnica da montaxe/P04G071V01204

Realización audiovisual/P04G071V01303

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Comunicación: Comunicación escrita/P04G071V01104